

EUTROPIO
(Escolma para a PAU)
Bloque 3 (3º trimestre)

6, 25. César, concluída a guerra civil en todos os seus escenarios, tornou a Roma. Comezou a comportarse de xeito arrogante e contra os usos da liberdade romana. É así, ó conceder cargos públicos de acordo coa súa propia vontade, e ó levar a cabo outras accións ó xeito dos reis e dun modo case tiránico, foi o obxectivo dunha conspiración na que estaban implicados sesenta ou máis senadores e cabaleiros romanos. E así, César, un día no que acudiu a unha sesión do Senado, foi acoitelado vinte e tres veces.

7, 8. Así, tras poñer fin á guerra en todo o mundo, Octaviano Augusto regresou a Roma. Desde aquela, gobernou el só o Estado durante 44 anos. Anteriormente, rexéao en compañía de Antonio e Lépido durante 12 anos. Así, entre o inicio do seu principado e o final pasaron 56 anos. Morreu ós 76 anos, de morte natural, na vila de Atella, en Campania. Foi soterrado en Roma, no Campo de Marte. Foi un home considerado, e non sen razón, semellante a un deus na maioría dos seus trazos.

7, 12. A Tiberio sucedeuno G. César, de alcume Calígula, un home do máis criminal, unha auténtica calamidade, e que mesmo fixo esquecer as maldades de Tiberio. Empezou unha guerra contra os xermanos e, malia que invadiu Suevia, non destacou polo seu valor. Mantivo relacións sexuais coas súas irmáns, e dunha mesmo recoñeceu unha filla. Como enfureceu a todos coa súa inmensa cobiza, libertinaxe e crueldade, foi asasinado no palacio imperial ós 29 anos de idade, ós 3 anos, 10 meses e 8 días de reinado.

7, 23. A seguir asumiu o poder Domiciano, irmán menor de Tito, e pareceuse máis a Nerón, Calígula ou Tiberio que ó seu pai ou ó seu irmán. Nos primeiros anos gobernou de xeito moderado, pero decontado, ó deixarse levar por enormes vicios - libertinaxe, ira, crueldade e avaricia-, provocou tanto odio contra si mesmo que borrou os méritos do seu pai e o seu irmán. Asasinou os membros máis nobres do Senado. Foi o primeiro en ordenar que lle chamasen “amo” e “deus”. Non permitiu que se erixisen estatuas súas no Capitolio, a non ser que fosen de ouro e prata. Asasinou os seus curmáns. Tamén foi moi criticable a súa soberbia. En Roma levou a cabo moitas obras públicas, entre as que se contan o Capitolio, o Foro Transitorio, o Pórtico dos Deuses, os templos de Isis e Serapis, e un estadio. Foi asasinado como froito dunha conspiración dos seus propios homes de confianza, no palacio imperial, ós 45 anos de idade e 15 de reinado.

8, 2. A Nerva sucedeuno Ulpio Crinito Traxano, nacido en Itálica, en Hispania, de familia máis antiga que ilustre, pois o seu pai foi o primeiro membro en ser cónsul. Foi proclamado emperador en Colonia Agripina, na Galia. Dirixiu o Estado de tal xeito que os seus méritos superan a todos os demais príncipes. Estendeu de maneira moi importante as fronteiras do Imperio Romano, que despois de Augusto fora máis defendido que gloriosamente ampliado.

8, 18. Despois asumiu o goberno do Imperio Romano Septimio Severo, orixinario de África, da provincia de Tripolitania, da vila de Leptis Magna. Nin antes nin despois del houbo outro emperador africano. Primeiro foi recadador de impostos, logo tribuno militar, e despois gozou de moitos cargos e nomeamentos ata chegar a gobernar o Estado. Reconstruíu moitos edificios en todo o mundo romano.

FEDRO
(Escolma para a PAU)
Bloque 3 (3º trimestre)

4, 20. A serpe, danosa para os compasivos

Quen presta auxilio ós malvados, ó cabo dun tempo, láméntao.
Un home colleu unha serpe entalada de frío e,
compadecéndose dela, acubillouna no seu seo.
Pero, así que se recobrou, decontado matou o home.
Ó preguntarlle outra serpe a causa do seu crime,
respondeu: “Que ninguén aprenda a favorecer os pérfidos”.

5, 6. Un calvo e alguén falto de cabelo

Por azar, un calvo atopou un peite nun camiño.
Achegouse outro igualmente falto de cabelo.
E dixo: “Vela, partimos a ganancia!”
Amousou o outro o botín e, asemade, engadiu:
“Favoreceunos a vontade dos deuses; mais, con adversa sorte,
como se adoita dicir, atopamos carbón en vez dun tesouro”.
Aquel a quen a fortuna burlou ha compartir esta queixa.

Ap. 12. O asno e a lira

Un asno viu unha lira guindada nun prado.
Achegouse e apalpou as cordas co pezuño.
Ó seren tocadas, soaron. “Cousa bonita é, por Hércules”,
dixo, “pero de pouco serve, porque eu non coñezo esta arte.
Se a topase alguén máis instruído,
deleitaría os oídos con divinas melodías”.
Así é como a cotío os xenios se perden por mala sorte.